


# Plan de actuación 2021

Fundación Olga Gallego

12/12/2020



## Contido

1. INTRODUCIÓN.....	3
2. ORZAMENTO DA FUNDACIÓN PARA O ANO 2021 .....	5
3. OBXECTIVOS.....	6
4. ACTIVIDADES .....	7
4.1 Celebración do III Encontro Olga Gallego de Arquivos.....	8
4.2. Fallo da IV edición do Premio Olga Gallego de Investigación en Arquivos .....	8
4.3 Celebración das IV Xornadas Olga Gallego de Arquivos .....	8
4.4. Colaboración co Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provinciais de Ourense.....	9
4.4.1. Publicación en papel dun novo número do Boletín Auriense. ....	9
4.5. Difusión web da Fundación e das súas actividades .....	9

## 1.INTRODUCCIÓN.

A Fundación Olga Gallego, con Número de Identificación Fiscal G70402698, constituíuse na Coruña o día 24 de febreiro de 2014 por escritura pública outorgada ante o notario don José Manuel Lois Ponte, do Ilustre Colexio de Galicia, por dona Pilar Gallego Domínguez, irmá de Olga, e don Pedro López Gómez, que é presidente vitalicio dela.

A Fundación, que ten a súa sede na rúa Rosalía de Castro 13, baixo, 15004. A Coruña, foi dotada cun capital inicial de 200.000 € (douscentos mil euros) e persegue os seguintes fins:

- A protección, defensa e fomento dos Arquivos e do Patrimonio documental de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
- O fomento da investigación sobre Arquivos e documentos de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
- O fomento e estudo da Arquivística.
- O fomento da formación dos profesionais dos arquivos.

Para a consecución destes fins, e de acordo co artigo 7 dos seus Estatutos, que constan anexos á escritura fundacional, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- a) Organizar congresos, xornadas, exposicións e certames sobre temas de interese para os arquivos e para os profesionais dos arquivos.

- b) Organizar conferencias, seminarios e outras actividades encamiñadas á difusión e ao coñecemento dos arquivos e do patrimonio documental
- c) Establecer comisións e grupos de traballo que realicen investigacións, estudos, enquisas e proxectos relacionados cos arquivos e os profesionais dos arquivos.
- d) Favorecer a investigación científica e técnica sobre arquivística, arquivos e documentos.
- e) Organizar premios de investigación en materia de protección, fomento e defensa do patrimonio documental, ou calquera outro aspecto relacionado coa arquivística e os arquivos.
- f) Editar traballos sobre arquivos e patrimonio documental
- g) Organizar cursos e outras actividades formativas relacionadas coa arquivística e cos arquivos.
- h) Crear canles de comunicación con institucións relacionadas cos arquivos e cos profesionais dos arquivos
- i) Así como calquera outra actividade de natureza análoga ás anteriores

A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

A Fundación foi clasificada de interese cultural para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, adscribíndose ao protectorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por Orde do 28 de maio de 2014 (DOG núm. 118 do 23 de xuño de 2014). Por Resolución do 30 de xuño de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, declarouse de interese galego e ordenouse a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG núm. 132, do 14 de xullo de 2014).

De acordo co artigo 12 dos seus Estatutos, a Fundación está composta por un padroado, constituído polas seguintes persoas:

D. Pedro López Gómez. Presidente.

D<sup>a</sup> María Dolores Pereira Oliveira. Vicepresidenta.

D. Gabriel Quiroga Barro. Secretario.

D<sup>a</sup> Isabel Buján Bernárdez. Vogal. Representante da Asociación de Arqueiros, Bibliotecarios, Documentalistas e Museólogos de Galicia (BAMAD-GALICIA).

D<sup>a</sup> María del Mar García Miraz. Vogal.

D<sup>a</sup> Olimpia López Rodríguez. Vogal.

D<sup>a</sup> Minia Martul Tobío. Vogal honoraria.

## 2. ORZAMENTO DA FUNDACIÓN PARA O ANO 2021

Para a realización das súas actividades, a Fundación aprobou na súa xuntanza do día 22 de decembro de 2020, o seguinte orzamento:

CONCEPTO	INGRESOS €	GASTOS €
Ingresos financeiros:	0	0
Gastos financeiros	0	3
III Encontro Olga Gallego de Arquivos	0	1000
IV Premio Olga Gallego de Investigación en Arquivos	0	3200
Axudas e subvencións	3000	0

CONCEPTO	INGRESOS €	GASTOS €
IV Xornadas Olga Gallego de Arquivos	270	12730
Gastos xestoría	0	242
Publicación do Boletín Auriense (Convenio co Grupo Marcelo Macías de Colaboradores do Museo e Arquivo Provinciais de Ourense)	0	4950
Tributos e taxas	0	397
Outros gastos	0	105,80
<b>TOTAL</b>	<b>3270</b>	<b>22624,8</b>
<b>Balance ingresos-gastos<sup>1</sup></b>	<b>-19.354,8</b>	

Xa que logo, con excepción dos ingresos de inscricións e as posibles axudas de patrocinadores e de subvencións de Administracións Públicas ao III Encontro Olga Gallego e ás IV Xornadas Olga Gallego non están previstos outros ingresos ordinarios.

### 3. OBXECTIVOS

Para o ano 2021 prevese recuperar progresivamente as actividades que a pandemia do COVID-19 obrigou a aprazar, para así dar cumprimento aos fins enunciados nos

<sup>1</sup> O balance do ano 2019 foi de -20.311,14 € e o de 2018, de -16.544,1 €.

estatutos da Fundación a través do desenvolvemento e consolidación das súas actividades divulgativas, da celebración dun novo encontro e dunhas novas xornadas, do impulso de actividades en colaboración con outras entidades e da promoción da investigación en arquivos.

#### 4. ACTIVIDADES

Así pois, o plan de actividades para o ano 2021 comprenderá o desenvolvemento das seguintes accións: 1. Realización do III Encontro Olga Gallego de Arquivos. 2. Realización das IV Xornadas Olga Gallego de Arquivos en colaboración coa asociación BAMAD-Galicia, entidade ligada á Fundación. 3. Publicación, xunto co *Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo provinciais de Ourense*, dun novo número do Boletín Auriense e dunha monografía na serie *Anexos do Boletín Auriense*. 4. Difusión das actividades da fundación a través do seu portal web e das redes sociais nas que participa (Facebook e Twitter). 5. Elaboración dun censo de arquivistas de Galicia.

Preténdese concluír todas estas actividades no transcurso do ano, de acordo co seguinte calendario provisional:

Actividade	Data de realización/finalización
Celebración do III Encontro Olga Gallego de Arquivos	Xaneiro-febreiro 2021
Fallo da IV edición do Premio Olga Gallego de Investigación en Arquivos	Marzo de 2021
Publicación dun novo Anexo do Boletín Auriense	Abril 2021
Publicación dun novo número do Boletín Auriense	Maio 2021
Celebración do IV Xornadas Olga Gallego de Arquivos en colaboración con BAMAD-Galicia	Setembro 2021

Actividade	Data de realización/finalización
Difusión web da Fundación e das súas actividades	Todo o ano

#### 4.1 Celebración do III Encontro Olga Gallego de Arquivos

A partir dunha idea da arquivista catalana Susanna Muriel, o Encontro, que se faría de maneira virtual, articularíase como un ciclo de catro xornadas, desenvolvidas un día fixo de cada semana ou de cada mes, arredor doutros catro eixos temáticos relacionados cos arquivos familiares:

- *O traballo dos arquivistas especialistas*
- *O uso dos arquivos familiares polos artistas visuais.*
- *As fontes de investigación nos arquivos familiares.*
- *Os arquivos familiares explicados en primeira persoa.*

Na hora de escribir estas liñas, o proxecto áchase aínda en fase de definición.

#### 4.2. Fallo da IV edición do Premio Olga Gallego de Investigación en Arquivos

O día 8 de marzo de 2021 está previsto que se falle a IV edición do Premio. Dotado con 2.000 €, o prazo para a presentación de traballos candidatos finalizará o día 31 de xaneiro de 2021. A partir dese momento, constituirase o xurado que avaliará os textos achegados de acordo coas bases publicadas no sitio web da Fundación (<http://www.fundacionolgagallego.gal/actividades/premios.htm?linguaxeld=gl&>)

Nese mesmo sitio poden descargarse tamén os anteriores traballos premiados ou que obtiveron mención honorífica nas edicións anteriores.

#### 4.3 Celebración das IV Xornadas Olga Gallego de Arquivos

Celebrarase no mes de setembro, en colaboración coa asociación BAMAD-GALICIA. Estaban previstas para novembro de 2020, pero houbo que adialas debido á pandemia. Terán como tema central a perspectiva de xénero e as políticas relacionadas cos centros culturais. Desta forma, as IV Xornadas Olga Gallego ampliarían o seu obxecto



para acoller tamén o ámbito de actuación daquela. É dicir, non só os arquivos, senón tamén as bibliotecas, os museos e os centros de documentación.

#### **4.4. Colaboración co Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provinciais de Ourense.**

##### **4.4.1. Publicación en papel dun novo número do Boletín Auriense.**

Será unha das actividades en que se concrete o convenio marco asinado no seu día co Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo provinciais de Ourense. Será o volume L, con contido misceláneo de 200 páxinas.

#### **4.5. Difusión web da Fundación e das súas actividades**

A Fundación continuará a difundir de forma periódica as súas actividades a través do seu sitio web ([www.fundacionolgagallego.gal](http://www.fundacionolgagallego.gal)) e das contas que abriu nas redes sociais (Facebook - <https://www.facebook.com/fundacionolgagallego-> e Twitter- <https://twitter.com/olgagallegofund->).

A Fundación xa ten unha presenza consolidada nas redes sociais, con 613 seguidores no Facebook e 1.136 en Twitter.

A Coruña, 28 de decembro de 2020